

A GORRA DE MANOLO DE XAN (1)



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO: MPG_NoCa_0003_001_en_id703_D
AUDIO DE REFERENCIA: MPG_NoCa_0003_001_en_id703.mp3
TIPO DE DOCUMENTO: Rexistro directo dun evento. Conto
MATERIAL DISPOÑIBLE: Audio mp3 (editado e dixitalizado pola compiladora)
 Transcripción de texto
DURACIÓN: 0:02:16

DATOS DA RECOLLIDA

- **DATA DA RECOLLIDA:** sen información
- **LOCALIZACIÓN:**
 - Lugar/ aldea/ barrio:** O Pazo
 - Parroquia:** Santa Comba
 - Concello:** Rianxo
 - Provincia:** A Coruña
 - País:** Galicia
- **INFORMANTE**
 - Nome:** Josefa Patiño Laíño
 - Idade no momento da recollida:** 50
- **RECOLLEDOR/ORA:** Sara Resúa Patiño
- **COMPILADORA:** Camiño Noia Campos
- **COLECCIÓN:** Camiño Noia (NoCa)
- **CLASIFICACIÓN E REFERENCIAS DESTE CONTO NO LIBRO “CONTOS GALEGOS DE TRADICIÓN ORAL” E NO “CATÁLOGO TIPOLÓXICO DO CONTO GALEGO DE TRADICIÓN ORAL”:**
 - Tipo:** Anécdotas e chistes
 - Subtipo:** Historias sobre homes – O home parvo
 - Referencia:** 1676B AT



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

CONTEXTO

Durante a década de 1990 até os anos 2000, a catedrática emérita e profesora de filoloxía galega María Camiño Noia Campos, dirixiu un valioso proxecto de recollida, catalogación e divulgación do conto galego de tradición oral. Neste proceso foi imprescindible a axuda do seu alumnado e de bolseiros, que se encargaron de facer as recollidas de campo gravando a persoas que aínda recordaban contos e que ademais sabían contalos. Os traballos, que se realizaron en Galicia e nas áreas de lingua galega de Asturias, León, Zamora e Cáceres, constitúen hoxe unha testemuña única dun rico patrimonio que estaba a piques de desaparecer. O froito de traballar con todo este material plasmouse en varias obras - citadas máis abaixo na bibliografía - nas que Camiño Noia sistematizou a narrativa galega oral de acordo a criterios recoñecidos internacionalmente. Nomeadamente, a súa última obra *Catalogue of Galicia Folktales* - editada pola prestixiosa Kalevala Society de Finlandia - coloca o conto galego dentro da tradición oral europea, dándolle un espazo de referencia no folklore internacional.

O APOI dispón actualmente, grazas á cesión de Camiño Noia, dos materiais orixinais froito das recollidas: a colección completa das gravacións e as transcripcións cos datos de campo. Presentamos o seu material seguindo os criterios do catálogo tipolóxico realizado pola propia compiladora.

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción foi tomada dos documentos cedidos pola compiladora.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal e como foron ditas.

BIBLIOGRAFÍA

- NOIA CAMPOS, M^a Camiño (2010): *Catálogo tipolóxico do conto galego de tradición oral: clasificación, antoloxía e bibliografía*. Vigo : Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións.
- NOIA CAMPOS, M^a Camiño (2002): *Contos galegos de tradición oral*. Vigo: Nigratreia.
- NOIA CAMPOS, M^a Camiño (2021): *Catalogue of Galicia Folktales*. Kalevala Society.

PALABRAS CHAVE

conto, narración, anécdota, chiste, gorra, home parvo

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias



TRANSCRICIÓN

No velatorio de Vicente, o de Lustres, ás oito ou nove da noite era cando máis xente había, e falaban do tempo, das patacas, da semente, cantos cartos fixeran na ribeira ós berberechos... En fin, de varias cousas.

Ás doce, cando rezaban o rosario polo finado a xente empezaba a marchar, xa sólo quedaban os da casa e uns cuantos veciños, e como sempre empezaron cos contos de bruxas, da Santa Compañía... para pasa-la noite.

Algúns dos que estaban alí colleron tanto medo, e tanto medo, que aínda que caían co sono, dixeron que iban a quedar hasta a mañán por non ir de noite serrada pola corre道ira de Lustres.

Ás tres ou catro, Manolo de Xan dixo que tiña que levantarse ás seis para ir ó rastro, e que marchaba. Que se iba para a casa. E marchou a rirse do medo que tiñan os outros.

Cando iba por medio da corre道ira, empesáronselle a tirar pola gorra, e o pobre todo cheo de medo non se atrevía nin a moverse, e dicía:

–Deixádeme ho! Deixádeme ho! Que eu non lle fixen mal a ninguén! Deixádeme que vou pra casa!

Pero nada, tirábanlle o mesmo. E entre tirón e tirón, leváronlle a gorra. E o home, ó verse libre, correu que lle petaban as pernas no cu.

Ás oito da mañán, cando iba pr'o rastro, chegou e alí na corre道ira, había unha silveira, e cando mirou pra riba veu alí que tiña a gorra enganchada. Bueno, Manolo botouse a rir de tal maneira, e de tal maneira... Co medo que el pasara toda a noite, que foi para deitarse que se tiña que levantar ás seis e non durmeu co medo que tiña.